

Cultura

Aula de Teatro Municipal

Casa da Cultura de A Cañiza
Rúa Progreso, s/n – 1º andar
36880 A CAÑIZA

O Concello de A Cañiza estreou o pasado 30 de outubro de 2006 a súa Aula de Teatro dirixida a todos os públicos.

Este novo proxecto cultural conta coa colaboración do Concello e a Asociación de Nais e Pais ANPA Stª. Teresa de A Cañiza e poderán participar nenos, mozos e adultos sen límite de idade.

As clases impártense os luns e mércores pola tarde nas instalacións da Casa de Cultura da Vila, en distintos horarios atendendo ás idades dos alumnos.

Todas as persoas interesadas en participar ou ampliar información poden dirixirse á Oficina de Información Xuvenil do concello de A Cañiza, no 1º andar da Casa de Cultura de luns a venres en horario de 17:00 a 20:00 horas ou chamando ao teléfono 986 652132

HORARIOS DAS CLASES:

- Alumnos de idades comprendidas entre os 9 e 12 anos
Horario: de 17:00 a 18:00 horas
Contidos: temas relacionados co xogo lúdico e dramático, o espacio e o ritmo, a música e o teatro, a mímica e os xestos, a expresión corporal e verbal, a dramatización improvisada e elementos característicos do teatro. Nestas clases tamén ensaiaran a interpretación dunha pequena obra.
- Alumnos de 12 a 16 anos de idade
Horario: de 18:00 a 19:00 horas
- Alumnos de 16 anos en adiante, sen límite de idade.
Horario: de 19:00 a 20:00 horas

Contidos: para estes dous últimos grupos os contidos das clases son os mesmos:

- O xogo dramático
- O espacio, o tempo, o ritmo e a enerxía
- A música como elemento indisociábel do teatro.
- Atención distributiva
- Expresión corporal, voz, traballo do abstracto e o concreto.
- Aprendizaxe de roles
- O Conflicto, a improvisación
- E a linguaxe do teatro...

OPINIÓNS DOS PROFESORES.

Para os profesores deste novo proxecto, a Aula pretende achegar ás persoas de diferentes idades ao xogo teatral, xa que o teatro antes que texto dramático e espectáculo, é un xogo no que alumnos e profesores forman un mesmo equipo, lonxe da tradicional e xerárquica relación profesor-alumno e este xogo non é outra cousa que un progresivo descubrimento e toma de conciencia de elementos e realidades que sempre están presentes.

Para os profesores estes elementos atópanse latentes, adormecidos e o traballo da aula de teatro é espertalos, coñecelos e interactuar con eles a través de xogos e exercicios e por último dominalos. Este dominio vai permitir poder moldealos e direccionalos ao gusto de cada un ou ben ao servizo duns parámetros establecidos polo profesor e o director.

Trátase, en definitiva, dunha viaxe a través dun mesmo e a través dos elementos circundantes, reencontrándose coa propia voz, o propio corpo, o espacio, o tempo e sobre todo reencontrándose cos demais, os compañeiros de xogo.

Todo este proceso desenvólvese a través de diferentes xogos de relaxación, respiración, percepción, concentración, psicomotrices, expresión, improvisación e representación. Tamén a través de exercicios técnicos, entramento corporal e vocal, un estudo básico da estrutura teatral e finalmente posta en escea dun breve espectáculo.